

COMEZAR POLO NENO

ESCRITOS DIDÁCTICOS, PEDAGÓGICOS E TEÓRICOS

Texto de MARIO LODI

Tradución de ISABEL SOTO

Introdución de ANTÓN COSTA RICO

Epílogo de JURI MEDA

Encadernación rústica. 15 x 21,5 cm. 248 páx. 19 €

[Mario Lodi. Comezar polo neno](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-229-8. Lecturas expertas. Biblioteca de Pedagogía.

[Mario Lodi. Comenzar por el niño](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-230-4. Lecturas expertas. Biblioteca de Pedagogía.

A escola non debe mortificar máis a persoa nin rexeitar máis o corpo; ten que aceptalo como parte integrante dun todo, como linguaxe e medio de relación cos demais. Debe rematar coa absurdez dunha disciplina escolar que esixe a relación exclusiva do neno co ensinante e non permite as relacións operativas cos compañeiros, prohibindo así que naza e medre un grupo e se produza a cooperación.

Está claro que todo isto nace dunha concepción política da escola: aceptar a formación de grupos significa aceptar a idea de actuar sobre o ambiente, de concibilo como modificable. Isto considérase perigoso por parte daqueles que entenden a escola como instrumento de conservación do poder.

«Comezar polo neno», publicado por primeira vez en 1977, é un dos libros máis políticos do recoñecido mestre italiano Mario Lodi, unha referencia imprescindible para abordar a relación entre os nenos e a escola. Lodi, que creu na innovación educativa e no poder liberador da educación, defendeu un modelo escolar que potencie as capacidades expresivas e creativas do alumnado, estimulando o pensamento reflexivo e os valores democráticos.

O autor trasládanos a súa observación atenta sobre o modo de pensar e aprender das nenas e nenos a partir da aula como lugar de intercambio, formación e confrontación. Do itinerario de Lodi sobresaen tres aspectos: a defensa dos dereitos da infancia, a necesidade dunha auténtica renovación educativa para liberar as potencialidades expresivas e a forxa –a través da acción escolar– de espíritos e condutas asentados sobre o principio da cooperación social, en favor dunha sociedade máis democrática, libre e inclusiva.

Esta obra, fundamental na bibliografía de Mario Lodi, é un estímulo para quen quere seguir traballando por unha ensinanza activa, por unha escola baseada en principios como a solidariedade e a cooperación, na que cada nena e neno poida desenvolver as súas propias aptitudes e intelixencias.

www.[kalandraka.com](http://www.kalandraka.com)

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** historia da educación, pedagogía, innovación educativa, dereitos da infancia.
- **Receptores:** educadoras e educadores.
- **Aspectos destacables:** da colección *Biblioteca de Pedagogía* -Premio Gala do Libro 2019 á mellor Iniciativa Bibliográfica- que dirixe o catedrático de Historia da Educación da Universidade de Santiago, Antón Costa; outros títulos: «[A cidade dos nenos](#)», «[Cando os nenos din Basta!](#)» e «[Por que as nenas e os nenos?](#)» de Francesco Tonucci; «[Educación para un mundo novo](#)» de María Montessori; «[A imaxinación e a expresión artística na infancia](#)» de Lev Vigotski; «[Carta a un profesor mozo](#)» de Philippe Meirieu; «[A psicoloxía infantil e a nova educación](#)» de Jean Piaget; «[Pedagogía do oprimido](#)» de Paulo Freire; «[Carta a unha profesora](#)» da Escola de Barbiana; «[Técnicas Freinet da escola moderna](#)» de Célestin Freinet; «[Educar a través da arte](#)» de Vicente Blanco, Salvador Cidrás e Rocío Modia; «[Experiencia e educación](#)» de John Dewey; «[O sorriso do coñecemento](#)» de José A. Rodríguez Bravo; «[Mulleres imprescindibles](#)» (VV.AA.).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/comezar-polo-neno-g>

Mario Lodi

(Piadena, 1922 - Drizzona, 2014)

Destacado profesor, pedagogo e escritor, formou parte de numerosas experiencias, debates e seminarios como membro do Movemento di Cooperazione Educativa, e defendeu un novo enfoque pedagóxico alternativo á escola tradicional. Durante 22 anos de docencia na escola primaria de Vho, a súa vila natal en Lombardía, escribiu moitos textos e libros, algúns co seu alumnado e outros documentando as súas experiencias pedagóxicas. Na década de 1970 impulsou e coordinou o grupo de investigación da Biblioteca di Lavoro, dirixiu a Scuola della Creatività de Piadena e converteuse nun referente para moitos mestres e mestras, ademais de promover a literatura infantil, o teatro e a cinematografía. A partir de 1978 ampliou a súa intensa dedicación formadora, de colaboración social, ensaística e de creación literaria. En 1989 fundou a Casa delle Arti e del Gioco, un laboratorio que experimenta con todas as linguaxes humanas. <https://www.casadelleartiedelgioco.it>